Padrón

**Concello de Padrón**
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón (A Coruña)
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

**ANUNCIO: DÍA E HORA DE REALIZACIÓN DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO MES DE DECEMBRO.**

En cumprimento do establecido no artigo 23 do Regulamento orgánico do Concello de Padrón, publicado no Boletín Oficial da Provincia número 137 do 16 de xuño de 2000, e do acordo plenario adoptado na sesión realizada o 12 de xullo do 2011, faise pública a seguinte Resolución do Alcalde número 829/2014, do 10 de decembro, pola que se modifica o día e hora de realización da sesión ordinaria do Pleno da Corporación Municipal correspondente a este mes de decembro:

<<**Antecedentes administrativos.**

Primeiro. O Pleno da Corporación Municipal na sesión realizada o 12 de xullo do 2011 acordou realizar as sesións ordinarias deste órgano o último xoves do mes no que corresponda ás 20:00 horas, polo que, en aplicación deste réxime, a vindeira sesión ordinaria debería ter lugar o 25 de decembro de 2014 que é un día inhábil en todo o Estado.

Segundo. Entendendo que é necesario cambiar o día de realización da sesión, consultouse cos diversos grupos políticos municipais as datas e horas alternativas, recibindo un maior apoio a proposta de realizala o 23 de decembro ás 10:00 horas.

**Fundamentos de dereito.**

Primeiro. O artigo 23 do Regulamento orgánico do Concello publicado no Boletín Oficial da Provincia número 137 do 16 de xuño de 2000, recolle que "*o alcalde, por propia iniciativa ou a petición dos voceiros, por causa xustificada, poderá varia-lo día ou a hora dalgunha sesión, alonxándoo só o imprescindible dos fixados polo Pleno e comunicándollo ós interesados e publicándoo no taboleiro de anuncios coa maior brevidade posible*".

Segundo. En aplicación do devandito artigo 23, o acordo plenario do 12 de xullo do 2011 recolle no seu apartado segundo que se faculta "*... ao señor Alcalde para pospoñer ou adiantar a realización das sesións ordinarias do Pleno dentro do mesmo mes no que corresponde realizala, cando o día fixado sexa festivo ou inhábil ou se atope incluído nun período vacacional, comunicándoo aos interesados e publicándoo no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello*".

**RESOLVO:**

**Primeiro**. Realizar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación Municipal correspondente ao mes de decembro o vindeiro día 23 de decembro de 2014 ás 10:00 horas, dado que o día que correspondía celebrala, por aplicación do acordo adoptado na sesión do 12 de xullo do 2011, coincidiría en día inhábil (25 de decembro do 2014).

**Segundo**. Notificar o presente acordo a todas e todos os membros da Corporación Municipal, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e que contra o cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o señor Alcalde, no prazo dun mes contado desde a recepción da notificación ou da súa publicación no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Terceiro**. Facer público o presente acordo mediante a inserción do correspondente anuncio no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, na páxina web e na sede electrónica e dar traslado do mesmo aos diferentes servizos municipais.>>

Padrón, 10 de decembro do 2014

O Alcalde

CONCELLO DE PADRÓN

Asdo. Antonio Fernández Angueira